



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Estratexias de intervención temperá	Código	652G04025	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Psicoloxía			
Coordinación	García Fernández, Manuel	Correo electrónico	manuel.garcia.fernandez@udc.es	
Profesorado	García Fernández, Manuel	Correo electrónico	manuel.garcia.fernandez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O desenvolvemento das persoas depende da estimulación temperá que se proporciona ao longo dos primeiros anos de vida. No ámbito da discapacidade estes apoios en medidas de atención temperá son fundamentais para a adquisición e desenvolvemento dos procesos e funcións psicolóxicas do ser humano. O desenvolvemento humano que se dá ao longo do ciclo vital necesita de estimulacións adecuadas en momentos puntuais e nos seus primeiros momentos son esenciais para evitar alteracións posteriores.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer, recoñecer e discriminar entre a variedade das alteracións	A7		
Coñecer os fundamentos do proceso de avaliación e diagnóstico en AT	A8		
Coñecer e aplicar os modelos de intervención en at	A15		
Coñecer as funcións da Intervención: prevención, educación, reeducación, rehabilitación e tratamento.	A14		
Coñecer e realizar a intervención logopédica en Atención Temperá	A18		
Adquirir ou desenvolver os recursos persoais para a intervención: habilidades sociais e comunicativas, habilidades profesionais, avaliación da propia actuación profesional, técnicas de observación, técnicas de dinamización ou toma de decisións.	A31		
Utilizar tecnoloxías da información e da comunicación	A32		
Acceso, selección e xestión das fontes de información relevantes para a práctica profesional.		B1	
Destreza e empatía nas relacións interpersoais.		B14	
Traballar en equipo e, no seu caso, de forma interdisciplinar.		B24	
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			C3
Planificar estratexias de intervención logopédica en AT	A27		
seleccionar de forma autónoma os recursos máis relevantes en AT		B5	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción á Atención Temperá	Conceptualización Niveis de actuación Marco legal. Habilidades de comunicación básicas en Atención Temperá



2. Procesos e instrumentos de avaliación aplicados á Atención Temperá	O proceso de avaliación en AT Principais probas de avaliación aplicadas á AT
3. A Intervención Temperá nos principais trastornos do neurodesenvolvemento	Intervención sensoriomotora Intervención sobre o desenvolvemento cognitivo Intervención sobre o desenvolvemento socioafectivo

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A7	1	0	1
Discusión dirixida	A7 A8 A14 A15 A18 A32 B1	19	44	63
Portafolios do alumno	A8 A14 A15 A27 A29 A31 B1 B5 B8 B14 B24	19	19	38
Recensión bibliográfica	A7 A8 A14 A18 A31 A32 B5 C3	1	15	16
Proba de resposta múltiple	A7 A8 A14 A15 A18 A29	1	30	31
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Presentación xeral da materia: contidos, obxectivos e sistema de avaliación
Discusión dirixida	- Traballo individual/en grupos pequenos sobre o material bibliográfico. - Discusión no grupo-aula sobre os interrogantes expostos - Elaboración de conclusións
Portafolios do alumno	Participación, Discusión e elaboración de conclusións sobre as sesións de Role Playing, instrumentos de avaliación en AT e demais actividades planificadas para as sesións interactivas
Recensión bibliográfica	Lectura de un libro sobre Atención Temperá: análise do contido e valoración en relación á literatura existente sobre o tema. Discusión no grupo-clase
Proba de resposta múltiple	Realización de test con tres alternativas de resposta

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno	- orientación sobre os traballos incluídos no portafolio - aclaracións sobre aspectos nos que o alumnado manifesta problemas de comprensión das temáticas

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Recensión bibliográfica	A7 A8 A14 A18 A31 A32 B5 C3	- Elaboración individual dun resumo sobre a lectura - Debate no grupo-clase das ideas e controversias contidas na mesma	5
Portafolios do alumno	A8 A14 A15 A27 A29 A31 B1 B5 B8 B14 B24	Realización e entrega dos traballos realizados durante as sesións interactivas	20



Proba de resposta múltiple	A7 A8 A14 A15 A18 A29	Superación dun exame tipo test. É imprescindible superar o exame para aprobar a materia.	75
----------------------------	-----------------------	--	----

Observacións avaliación

Teranse en conta dúas opcións de avaliación en función da asistencia ou non ás clases interactivas

Opción A: Alumnado que asiste ás clases interactivas (> 80% de asistencia)

Será necesario ter acreditada unha asistencia de polo menos o 80%.

Elaborarase un portafolio no que se recollerán os principais contidos traballados nas sesións interactivas.

Para a nota final teranse en conta os seguintes aspectos:

- Clases interactivas (25%): Ata 2,5 puntos sempre que se supere a proba obxectiva(exame).

- Exame (75%): É necesario superar unha proba de preguntas curtas e/ou tipo test ao finalizar o cuadrimestre. É imprescindible superar o exame para aprobar a materia. O exame corríxirase sobre 10 puntos e aplicaráselle o peso que ten no global da materia (75%). Para aprobar o exame haberá que ter un 5 sobre 10. Desta forma, alguén que saque un 5 sobre 10, a súa nota do exame será de 3,75. A nota final será a suma das dúas notas. Así, á nota do exame (mínimo de 3,75) sumaráselle a nota das clases interactivas. A suma de ambas deberá ser como mínimo de 5 puntos para aprobar a materia.

Opción B: Alumnado que NON asiste ou ten unha asistencia ás clases interactivas < 80%)

- A nota final será a nota do exame.

- O exame é o 75% da materia. Dado que hai que ter 5 puntos para aprobar a materia, será necesario obter unha nota de 6,7 (sobre 10) para aprobar a materia.

O alumnado que, tendo recoñecida a dispensa académica (solicitude previa na Administración do centro)- tal como se establece na "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e mestrado universitario na Universidade da Coruña" (aprobada en Consello de Goberno de 28 de xuño de 2016)-, terá que asistir a unha titoría na que concretar a porcentaxe de asistencia mínima e as metodoloxías de avaliación.

Fontes de información

Bibliografía básica	Millá Romero, María Gracia (2005). Atención temprana : desarrollo infantil, diagnóstico, trastornos e intervención. PromolibroPérez López, Julio ; Martínez Fuentes, María Teresa (2017). Atención temprana : prevención y desarrollo. Fundación Universitaria IberoamericanaPerpiñán Guerras, Sonsoles (2018). Atención temprana y familia : cómo intervenir creando entornos competentes .Narcea, S.A. de EdicionesPiñero Peñalver, Jessica (2014). Atención temprana en el ámbito hospitalario . Ediciones PirámideVidal Lucena, Margarita (2011). Atención temprana : guía práctica para la estimulación del niño de 0 a 3 años . Ciencias de la Educación Preescolar y Especial
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías